

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 3/2021 , EXTRAORDINARIA, 10 DE MARZO DE 2021

EXPEDIENTE: 2021/G003/000093

Asunto: Convocatoria

ÓRGANO COLEXIADO: Pleno

Nº SESIÓN: 3/2021

CARÁCTER : Extraordinaria (mércores 10 de marzo de 2021 ás 10:30 horas da mañá)

En uso da atribución que me conferen os artigos 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 82.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dada a necesidade de resolver os asuntos indicados na orde do día nos prazos esixidos nos correspondentes procedementos, con anterioridade á data prevista para a seguinte sesión ordinaria do Pleno, **convoco sesión extraordinaria do Pleno para o mércores 10 de marzo de 2021, ás 10:30 horas da mañá** (ou dous días hábiles despois á mesma hora en segunda convocatoria, en caso de non existir o quórum esixido na primeira) no Salón de Sesións da Casa do Concello coa seguinte


ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, no seu caso, da acta da sesión 1/2021, extraordinaria, do 04 de febreiro de 2021.
- 2.- Proposta da Alcaldía ao Pleno de solicitude de adhesión do Concello de Carral ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- 3.- Proposta da Alcaldía ao Pleno de aprobación definitiva, no que corresponde ao Concello de Carral, de estatutos para a constitución dunha agrupación cos Concellos de Abegondo e Bergondo para o sostemento en común do posto de Tesouraría, que ocupará un/ha funcionario/a de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Notifíquese a presente resolución por correo electrónico a todos/as os sres/as concelleiros/as da Corporación, á señora Interventora e á señora Técnica de Administración Xeral do Concello, advertíndolles que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

Póñase a disposición dos/as sres/as. concelleiros/as convocados a documentación dos asuntos incluídos na orde do día na Secretaría do Concello (titular ou accidental) a partires da notificación da convocatoria.

En calquera caso, **a sesión presencial deberá realizarse con estrito cumprimento das medidas sanitarias establecidas polo Ministerio de Sanidade do Goberno da Nación e pola Consellaría de Sanidade da Xunta de Galicia, para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, vixentes no día en que se realice a sesión.**



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

Visto o decreto,

O SECRETARIO

Diego García Doval